



PROTOCOLO DE ESPAZOS DE RECREO E CAFETERÍA

DISTRIBUCIÓN DE PATIOS PARA AS HORAS DE RECREO E USO DA CAFETERÍA

Durante o curso académico que estamos empezando, para evitar aglomeracións de alumnado durante os recreos, fixouse un horario diferente de recreos para o alumnado de 1º e 2º de ESO e para 3º e 4º de ESO e mais BAC. Ademais o alumnado de 1º e 2º de ESO terá 2 recreos e o alumnado de 3º, 4º ESO, BACHARALETOS e FP. terán un só recreo, pero máis longo.

Pero, ademais de ter un horario diferente, imos establecer distintos espazos para cada curso, polo que lles comunicamos cales van ser os patios a utilizar por cada curso nos seus recreos:

1º de ESO: os 4 grupos de 1º de ESO ocuparán nos seus recreos o patio central, situado entre a entrada pola Avda. de Buenos Aires e a Rúa Enrique Vidal Abascal.

2º de ESO: os catro grupos de 2º de ESO ocuparán nos recreos os patios das dúas pistas deportivas, a que está pegada ao ximnasio e a que fai esquina entre a Avda. de Buenos Aires e a Avda. Luis González Taboada, pista esta última na que colocaremos en breve unha carpa, para poder acollerse se chove.

3º de ESO: os catro grupos de 3º de ESO, en horario distinto aos de 1º e 2º de ESO, ocuparán nos seus recreos as pistas deportivas.

4º de ESO : os 3 grupos de 4º de ESO dispoñerán nos recreos do patio central.

BACHARELATOS: ocuparán a zona das pistas deportivas.

FP. Básica e Ciclos Formativos: o alumnado de FP Básica ocupará o patio da zona de talleres.

Agardamos que con esta distribución e a colaboración do alumnado poidamos manter todos a distancia de seguridade.

TEMPOS DE USO DA CAFETERÍA

Outro dos espazos nos que tradicionalmente había aglomeracións nos recreos era na cafetería do centro e, para evitalas, este curso imos establecer uns tempos de uso da cafetería para cada curso, que serán os seguintes:

1º ESO: poderá acudir á cafetería do centro no tempo que teñan desde que chegan no autobús ata que teñan que subir ás aulas, é dicir, antes das 8,55. Nese tempo poderán mercar o bocadillo ou calquera produto que gardarían na súa mochila para tomar no recreo. Tamén poderán ir á cafetería no 2º recreo que teñen na mañá (de 12,05 a 12,20 os luns e mércores e de 12,35 a 12,55 os martes, xoves e venres)




2º ESO: o alumnado de 2º ESO poderá acceder á cafetería no seu 1º recreo (de 10,20 a 10,35 os luns e mércores e de 10,35 a 10,55 os martes, xoves e venres)

3º ESO: o alumnado de de 3º ESO poderá acceder á cafetería na primeira metade do recreo (de 11,05 a 11,25 os luns e mércores e de 11,25 a 11,45 os martes, xoves e venres).

4º ESO e FP Básica: O alumnado de 4º ESO poderá ir á cafetería na 2ª metade do seu recreo (de 11,25 a 11,35 os luns e mércores e de 11,45 a 12,05 os martes, xoves e venres).

O alumnado de BACHARELATO E CICLOS poderá acceder á cafetería ao longo de todo o seu tempo de recreo, pero procurando evitar os momentos de maior concorrencia.

Sabemos que todo isto supón un incordio, pero na situación actual é necesario que se respeten estes tempos e espazos para manter a distancia de seguridade.



Zona A ► Patio de recreo para 1º ESO e 4º ESO (nos seus horarios)

Zona B ► Patio de recreo para 2º ESO e 3º ESO / Bacharelato(nos seus horarios)

Zona C ► Patio de recreo para 1º FP Básica e Ciclos (no seu horario)